



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura e cultura do segundo idioma estranxeiro: Alemán

Materia	Literatura e cultura do segundo idioma estranxeiro: Alemán			
Código	V01G180V01702			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Corvo Sánchez, María José			
Profesorado	Corvo Sánchez, María José Ruzicka Kenfel, Veljka			
Correo-e	mcorvo@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia parte dun nivel medio-alto en lingua alemá que permite unha introdución á literatura en lingua alemá e unha profundización e ampliación dos coñecementos da cultura e dos aspectos sociopolíticos dos países germanohablantes. Dáse especial atención á redacción e á análises literarias o que servirá como unha boa base para seguir profundando os coñecementos do alemán adquiridos nos cursos anteriores, procurando prestar maior atención á progresión expresiva e estilística.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación

B1	Que as/os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Desenvolver a capacidade crítica a respecto das diferentes aproximacións de estudo e a súa posta en práctica.	A5 A6	B1
2. Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos históricos e socioculturais básicos dos grandes momentos da literatura expresada no segundo idioma estranxeiro.	A2 A7 A11	B3
3. Coñecer os principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma moderno nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais.	A10	B3
4. Saber comentar e contextualizar obras e autoras/es seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.	A10	B2
5. Mostrar un coñecemento básico dos principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma moderno nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais e das/os principais autoras/es que a protagonizan.	A2 A8	B1
6. Desenvolver a capacidade de comentar e contextualizar obras e autoras/es seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.	A4 A5 A9 A12	B5

Contidos

Tema

Landeskunde:

- | | |
|------------------------------|----------------------------------|
| 1. Os países de fala alemá. | 1. DACHL. |
| 2. Xeografía e cidades. | 2. Símbolos. |
| 3. A lingua e a gastronomía. | 3. Unha cousa, moitos nomes. |
| 4. Paisaxes e persoas. | 4. Destinos turísticos. |
| 5. Historia e política. | 5. Os "novos" estados federados. |
| 6. Celebracións. | 6. Grandes personalidades. |

Literatura:

- | | |
|------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|
| 1. Da época xermánica ata o Renacimiento. | 1. Mitoloxía xermánica. |
| 2. Renacimiento, Humanismo e Reforma. Séculos XV-XVI | 2. Frühhumanismus, Hochhumanismus e Späthumanismus. |
| 3. Barroco. Século XVII | 3. Vorbarrok, Frühbarrok, Hochbarrok, Spätbarrok. |
| 4. Da Ilustración ao Romanticismo, pasando polo Sturm und Drang. | 4. Goethe e Schiller. Fausto e Werther. |
| 5. Biedermeier, Realismo e Naturalismo. | 5. Literatura fantástica: Hoffmann, Ende. |
| 6. Século XX. Cambio de século, Weimar, exilio | 6. Os principais autores do século XX e a literatura actual. |

Observación: Este temario inicial está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia. Outros temas de contido literario e cultural ou de Landeskunde.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	8	0	8
Traballos de aula	34	80	114
Presentacións/exposicións	8	18	26

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Actividades introductorias	Explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento desta dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas.
Sesión maxistral	Exposicións teóricas e aprendizaxe literaria e cultural.
Traballos de aula	Práctica de lectura, escritura, tradución e resolución das dificultades literarias e culturais.
Presentacións/exposicións	Traballos sobre temas literarios e culturais como aportación personal do alumnado á clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante tutorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Presentacións/exposicións	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante tutorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Avaliación continua da participación activa nas actividades de literatura e culturais.	60
Presentacións/exposicións	Avaliación dos traballos individuais do alumnado sobre temas literarios e culturais.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de avaliación continua de acordo coas porcentaxes descritas máis arriba. A condición para ser avaliado será a asistencia a un 80% das aulas. O alumnado que xa cursase a materia e non poida cumprir o requisito de asistencia deberá informar o profesorado de calquera incidencia a este respecto. Ademais, o alumnado que incumpra estas condicións deberá comunicarllo ó profesorado argumentadamente, co fin de solventar e cubrir a perda de horas de asistencia e de traballo da maneira que considere axeitada o profesorado en cada caso particular.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla avaliación única deberá realizar un exame ó final do cuadrimestre sobre os contidos da materia, e mais un traballo escrito acordado co profesorado responsable da materia. Este alumnado non ten ningunha obriga presencial, aínda que se lle aconsella que asista ás aulas.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO): Exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación.

Bibliografía. Fontes de información

Pilaski/Fröhlich/Bolte/Behal, **Entdeckungsreise D-A-CH**, Langenscheidt,
 Seiffert, **Treffpunkt D-A-CH**, Langenscheidt,
 Wild, **Geschichte der deutschen KJ-Literatur**, Metzler,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo idioma estranxeiro V: Alemán/V01G180V01605

Outros comentarios

Recoméndase ter, polo menos, un nivel B1 inicial de lingua alemá para cursar esta materia.